


Vocación

En Manuel María, e na súa 'ópera omnia' que editou Espiral Maior, están vivas todas as correntes poéticas dos últimos cincuenta anos: existencialismo, paisaxismo, belixerancia, tendencia "beat"

n

o que se refire a poesía, a "ópera omnia" de Manuel María, galardado co premio ao libro mellor editado do ano, leva desde hai uns meses circulando nos ámbitos lectores —*Obra poética completa*, Tomos I e II (Espiral Maior, A Coruña 2001)—; dos críticos nada direi, porque a crítica no noso país é, cando non existente, guadianica, o que impide facer unha valoración global dela. Así as cousas eu teño que recomendar forzosamente este libro, polo seu contido (fermoso na presentación e maquetaxe, discreto na ausencia de notas a pé de páxina, que tantas veces atrancan a lectura de libros, aos que mellor lles iría sen semellantes "lazarillos"). Desde logo estes dous volumes precisan dunha lectura pracenteira e demorada, e en todo caso a segunda condición leva implícita a primeira. Porque ler de corrido toda a poesía de Manuel María non semella moi de recibo. Entre outras cousas polo seu valor enciclopédico, xa que aquí hai múltiples tendencias, estilos, tipos de estrofa, etc. Isto é, Manuel María é un máxico prodixioso (e pródigo) que, agás poesía experimental (nin falla que fai) ten abordado todas as posibilidades do pensamento poético. Por iso que manteño que o seu é un talento enciclopédico (para a poesía e para tantas outras cousas, desde a ollada dun poeta para quen anda do saber humano, nin da dor, nin do sentir, é alleo). En Manuel María, como digo, están vivas todas as correntes poéticas dos últimos cincuenta anos: existencialismo, paisa-



xismo, belixerancia, tendencia "beat" (por pasiva, a xeito de parodia, neste caso), etc. Todo isto ben misturado nunha cocteleira onde o humor e mais o amor son as salsas, o prebe no que o autor de Outeiro de Rei pon a mollar o seu concepto poético. A cincuenta anos vista o seu debú con *Mulheiro de brétemas*, salientemos que o primeiro Manuel María entraba na poesía galega cun talento clásico e unhas feitura modernas. Ese Manuel María é o que deron —ou demos— en adscribir na 'Escola da Treba', nun momento no que a literatura galega, tan escasa pero non cativa, a penas daba ecoado canto se viña facendo no exterior. Con todo sería 'Terra Chá', e eu penso que o sigue sendo, o libro insignia de Manuel da musicalidade toponímica, pero baseándose na meirande calidade. O que demostra unha vez máis que "nihil novum sub solem", pero tamén que as cousas ben feitas ben parecen, e igualmente que o pasado e máis o futuro conflúen no presente (como dixeran F.S. Eliot e tantos outores, dunha ou doutra maneira). Logo, xa o vimos, Manuel María abordou todas ou case todas as tendencias, algunha tan pouco traballada como a relixiosa, e por certo que poetas posteriores a Manuel María teñen cantado bandeiras neste terreo tan pouco doado, así Alfaro ou Manuel Xosé Neira, co seu meritório e recentísimo *Templo*. Pois ben o *Libro de pregos* de Manuel María é un estupendo volume, do que se ten falado máis ben pouco (outras eran as urxencias dos momentos), e que pide unha urxente relectura. Despois está o Manuel María socio-político e aquí, na prodigalidade, é onde pareceron algúns dos mellores poemas, tamén dos peores que todo hai que dicilo, do autor. Quen nos últimos anos ten decantado a súa poesía por uns camiños demorados, lentos, nos que a beleza (posuída ou ansiada) anda a reverter polo vaso ou copa do poeta; poeta en tempos en que había catro gatos poéticos, poeta agora que as estimacións optimistas (ou pesimistas segundo se vexa) andan a falar de dous mil vates editos en Galicia, isto é unha barbaridade e que Deus nos colla confesados. Eu non sei se de verdade, é como se ven dicindo, a voz de Manuel María, a voz poética xa se entende, vai ficar definitivamente en silencio. Espero que non, porque o seu é un caso de vocación poética que nin o tempo nin as circunstancias políticas (e sociais) deron calado. Eis unha das características desta obra, 'longa', 'maestosa' mesmo, como o río Miño, un dos referentes poéticos de Manuel María.

VICENTE aRAGUAS